

Acta Asemblea 5 de xullo 2013

Lugar: Casa da Fariña

Hora: convocada 20h30, comezamos ás 21h10 e terminamos ás 23h11

Asisten: Laura, Javi, Alberto, Lydia, Tono, Patxi, Cris, Ángel e Mariola

Desculpan ausencia: Pepe e Susi. Carmen engánase co lugar e non consegue contactar connosco.

Orde do día:

1. Patxi no Ens Toca! de Barcelona
2. Organización das asembleas
3. Festa do 29 de xuño do Jail Art
4. Exposición Jail Art
5. GdTs (Xestión e financiamento; Sensibilización e comunicación)
6. Propostas vídeos (Pepe e Tono)
7. Manifesto
8. Varios

Documento Adxunto: Estratexias PC 2013

1) Patxi no Ens Toca! de Barcelona

Patxi está satisfeito coa viaxe a Barcelona e describe os diferentes temas que se trataron.

Está o debate sobre o que é realmente ser un espazo independente. Se se refire en termos económicos, de capacidade de acción, etc e tamén o concepto de comunidade, especialmente tratándose do espazo organizador ter nacido da sociedade civil. Tamén xurde o debate sobre o voluntariado ou profesionalización do traballo en centros socioculturais tendo en conta os pros e contras. Fálase do funcionamento horizontal versus vertical, e débatese sobre combinar horizontalidade e liderazgo nunha dinámica de poder-carisma-autoridade .

Introdúcense as paradoxas do traballo colectivo: zonas de confort, hiperactividade do activismo, abertura máxima (sempre queda alguén fora), asumir un papel/rol determinado que dentro do activismo actuamos dun xeito e fora doutro, para-academia (clamar por formas de traballar diferentes, pero despois continuamos a funcionar de forma convencional. Por exemplo, a palestra mesma deste encontro, eu falo, vós escuitades...), transdutores, etc.

As redes entre colectivos e persoas son descritas como caixas de ferramentas das que as persoas integrantes podan beneficiarse.

O próximo encontro da TransEurope Halle vai ser en Amsterdam. Patxi destaca o contacto com Jordi Claramontes que estivo nos inicios da Tabacalera cun sistema de participación “ti propós, ti fas, ti mantés” para vir falar a través da universidade á Coruña. Fala da pirámide de necesidades do grupo a nivel persoal, grupal, global.. e que o financiamento do espazo era fundamentalmente a través do bar.

Noutra intervención fálase da xestión cultural da que se fai unha crítica ao seu carácter institucionalista apoiando un formato hierárquico, con dependencia política moi forte, sen incentivar a participación e patriarcal. Parece que surxiu nos anos 90 e baseouse en producir moito arte, moi rápido pero desligado do contexto e da cidadanía.

De Zagreb chegan propostas de reacción aos políticos en forma de provocacións principalmente na rúa. Colonizar unha valla publicitaria revertendo a súa mensaxe utilizando frases como “a quen pertence a cidade?”.

Proxecto Cárcere é unha iniciativa que acae moi ben apesar de non termos conseguido o espazo aínda, e se nos mostra moito apoio e empatía.

Parécenos moi interesante continuar a asistir a este tipo de encontros polo networking que se xenera e as pillas cargadas coas que regresamos á Coruña.

2) Organización das asembleas

Iniciamos un pequeno debate sobre se é necesario redefinir o concepto de asemblea. Mariola pensa que sería boa idea mudar o nome de asemblea mensual por reunión do grupo coordinador, pois na realidade estamos a asistir as persoas mais implicadas e participando nos gdts. Tamén se poderían facer unha ou dúas asembleas por ano de carácter xeral onde combinar actividades externas con debates internos de carácter menos organizativo. Por exemplo, sobre o tema de documento de cesión do espazo: unha parte teórica/de experiencias de iniciativas similares e outra parte de debate de traballo aberto de indagación, choiva de ideas, para dar ferramentas ao gdt que vaia despois concretizar o traballo. A idea dunha asemblea anual mais global e menos organizativa resulta interesante, pero tampouco se ten moi clara a necesidade de mudar o nome das asembleas mensais. En xeral o termo asemblea expresa ben o facer de Proxecto Cárcere, e a apertura para que calquera persoa poda integrarse no

proceso. Talvez podía chamarse asemblea ordinaria e a asemblea mais global, asemblea extraordinaria. Non temos claro este tema e tampouco é algo que consideramos teña de ser decidido neste momento. Iremos pensando niso e falaremos outra vez mais adiante.

3) Festa do 29 de xuño do Jail Art

En xeral estamos satisfeitas/os co traballo interno do grupo e coa participación de calidade que se conseguiu. A xornada fluíu sen problemas e participamos todas/os de forma natural e moi amena. Dúas persoas ofreceron actividades (música e pintura) por iniciativa propia e se sentiron á vontade de aportar ao proxecto. Para nós iso representa o espírito de PC e por iso o valoramos moito. O apoio de Manuel Rivas, o grupo surrealista, etc tamén é moi valorado. Nembargantes pensamos que non conseguimos chegar aínda a suficiente xente. O obxectivo deste ano que era precisamente a sensibilización social non foi claramente conseguido e continúa a ser a nosa tarefa pendente. Temos boa comunicación e divulgación internáutica e coa prensa, que sempre cubre os nosos eventos, desta vez incluso a TVG e que ademais comezan a integrar o noso discurso nas súas novas. Pero apesar de avances como o mercadoño Soho-Orzán e as actividades na rúa como chocolatada, charlas, encontros...a comunicación física especialmente coa sociedade civil e movementos sociais continua a ser limitada.

Propoñemos:

- Mudar de estratexias con respecto a cidadanía e ao concello. Ser máis proactivas e menos complacentes.
- Analisar a nosa cidade en termos de cidadanía, movementos sociais e participación, para coñecer o porque e saber que camiño seguir
- Mellorar a divulgación (como se entera a xente? que outras vías de comunicación poderíamos utilizar);
- Incidir na participación cidadá. Facer divulgación no barrio do cárcere, noutros barrios.
- Concretar a mensaxe. Ter claros os obxectivos a curto, medio e longo prazo. Para nos motivar a nós mesmxs e ao resto da cidadanía.

4) Exposición Jail Art

A expo gustou moito e causou unha grande expectación na xente que se achegou a vela o día da festa. Importante darlle valor e rotala pola cidade e alén.

Pasos a seguir:

1. **Catalogación.** Facer un índice. Pedirlle a Carlos Botana información.
2. Cuidado do material e **persoas responsabeis** de que non se perda ou danifique
3. Organizar **o tour da expo.** Onde vai ir e divulgación
 - Oferta de exposición no Forum cos parabéns da concellería de cultura. Debatemos sobre os pros e contras e pensamos que é bon estar en espazos onde chegar a moita xente pero que é importante estar desde a nosa perspectiva. Facer evidente a relación entre Jail Art e Proxecto Cárcere e utilizar a expo para divulgar a nosa mensaxe. Facer paneis sobre PC, charlas sobre o proxecto, proxección docus...
 - Casa da Fariña (como sitio ideal de saída ou final)
 - Anxo da AAVV Cidade Vella ofrece axudar a mover a expo polas escolas da cidade. Tipo pedagogía educativa. Gústanos moito a idea.
 - Cárcere de Ourense, etc. Incluir a iniciativas similares no tour da expo.
4. **Folletos e cartaz** explicativo. Elaborar un cartaz con información sobre o que é o mail art, jail art, e link con Proxecto Cárcere. Elaborar tamén folletos simples para deixar en diferentes lugares.
5. **Presentación exposición.** Pode ser na Casa da Fariña. Organizar inauguración con jail vermú, etc.
6. Crear un **grupo de traballo** encargado da Jail Art. Pensamos que mellor deixar a inauguración do tour da expo para despois do verán, independentemente de que se forme un gdt xa para ir adiantando traballo.

5) GdTs (Xestión e financiamento; Sensibilización e comunicación)

Contas

Temos uns beneficios no día da festa de 257,51€ contando coa longa Happy Hour. Estes cartos son suficientes para pagar os gastos e a viaxe de Lydia a Berlin por 150€. Faltan por saber os gastos de Pepe e Susi. Patxi di que ten un remanente da viaxe a Barcelona de aproximadamente 75€ polo que quedamos con saldo a favor duns 95€ para comezar o novo curso. Como o noso obxectivo é ter fluidez e non acumular capital estamos satisfeitxs.

Non deu tempo a facer unha avaliación formal sobre os gdts. A informal sería:

- **X&F.** Poucos meses, pouca xente, pero moitxs asociadxs, polo que foi bastante produtivo. Maior logro, ter saído dos números vermellos e dinamizar a saída á rúa de PC. Seguinte traballo o documento de proposta de cesión do cárcere a PC.
- **S&C.** Talvez non se traballou exactamente como grupo pero conseguiuase ampliar a rede con espazos e iniciativas afíns, indo a encontros e charlas organizadas na cidade (Ágora, Entremuros...), contactos persoais e con persoeiros (Manuel Rivas, xente do Patrimonio, X. Gago...), redes inter-nacionais (Rede Transiberica, Ens Toca, UFA Fabrik...). A mellorar a sensibilización da sociedade civil e o estado de frustración e paralise coas administracións. Deseñarase unha mudanza de estratexias (radical?) cara o próximo ano.

6) Propostas vídeos

- A proxección dos **Espacio Tangente** será na Casa da Fariña, convidando á xente da Memoria Histórica, e se podem vir á xente de Burgos. Organizan Patxi e Laura.
- Recibimos unha **proposta** de grabar testemunhas de persoas que estiveron no cárcere. Non poidemos tratar en profundidade esta proposta na asebmla. Tono diranos mais por email.

7) Manifesto S.O.S

Non falamos formalmente deste tema. Cuestións a valorar e decidir.

- Entrega de sinaturas ao concello e Seip. Data e como.
- Rolda de prensa/Nota de prensa

ESTRATEGIAS DE PROXECTO CÁRCERE

CONCLUSIÓNS (pódense matizar ou definir mais na próxima asemblea):

A) Obxectivos comúns definidos
Rehabilitación do edificio do cárcere da Torre
Uso público do espazo

B) Obxectivos comúns en proceso de ser definidos
Centro Sociocultural e da Memoria
Participación da cidadanía no proxecto

C) Obxectivos comúns sen definir
Autoxestión
Autofinanciamento

Nos próximos 3 meses (abril – xuño)	Ata finais de ano (xuño – decembro 2013)	Nos próximos 2 anos (2014 – 2015)
Manifesto Manuel Rivas Informarse como facelo Sinaturas	Manifesto Manuel Rivas - Sinaturas	
Presentación de PC para as asociacións	Presentación de PC para as asociacións	Presentación de PC para as asociacións
Actividades de rúa	Actividades de rúa	Actividades de rúa
Jail Art		
UNESCO	UNESCO	
Red Transibérica (Bilbao) OK		
ADIF / A Casa Tomada	ADIF/ A Casa Tomada	ADIF/ A Casa Tomada
	Proposta cesión do edificio a PC	
Ondas do cárcere		
Manter o grupo actual de traballo /Mellorar o traballo en grupo	Incrementar o grupo de traballo/Mellorar o traballo en grupo	Estabilizar o grupo de traballo/Mellorar o traballo en grupo
	Manter contacto coas forzas políticas	
	Implicar e solicitar unha maior presencia a todos aqueles que forman parte da Plataforma	
	Esbozo de autofinanciamento /Incluir no Plan de Viabilidade	Ter consolidado o Proxecto a nivel autofinanciamento, cultural, xestión, etc OK
		Conseguir o espazo / Flexibilidade (para negociar proposta PC e cesión do espazo)
Reunión GdT xestión e financiamento (falar entre nós)		
	Formación en xestión e financiamento	
Investigación de proxectos similares, alternativas económicas, etc	Investigación de proxectos similares, alternativas económicas, etc	Investigación de proxectos similares, alternativas económicas, etc